

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: PLANS DE ADAPTACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE AMES AO CONTEXTO COVID-19

EXPEDIENTE: 2911/2020

ANTECEDENTES:

Con data 22 de xullo de 2020 aprobouse, polos conselleiros de Educación, Universidade e Formación Profesional e de sanidade, o protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

A consecuencia do incremento de gromos en todo o territorio español, xunto co maior coñecemento sobre a propagación do virus, así como novas científicas e manifestacións de organismos internacionais fixeron preciso modificar algunhas das previsións do anterior protocolo.

Estas modificacións tiveron como resultado a aprobación o 31 de agosto de 2020 das instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis de 28/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo de 22 de xullo de 2020 de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

Por outra banda, con data 16 de setembro de 2020 a Consellería de Cultura, Educación e Mocidade publicou a protocolo de prevención da transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios, co obxectivo de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no anterior protocolo para os comedores dos centros educativos non universitarios de Galicia.

O Concello de Ames, como responsable dos servizos complementarios de educación do Concello que engloba os servizos denominados “Bos Días Cole”, “Servizo de Comedor Escolar” e “Tardes Divertidas”, decidiu seguir prestando todos os servizos anteriores neste curso 2020-2021 cas correspondentes adaptacións necesarias tendo en conta tódalas instrucións e protocolos anteriores emitidos polas administracións educativas e sanitarias.

Tendo en conta o anterior, realizáronse plans de adaptación para cada un dos centros educativos de educación infantil de 2º ciclo e primaria no que o Concello presta os seus servizos complementarios, concretamente para o CEIP de Agro do Muíño, CEIP de A Maía, CEIP de Barouta, EEI de Milladoiro, CEP de Ventín e as escolas unitarias de A Igrexa e Covas.

Nun intento por dar o servizo a tódolos usuarios que o habían solicitado, buscáronse distintas opcións dependendo dos centros e sempre tendo en conta os protocolos das administracións educativas e sanitarias da CCAA de Galicia.

Estes plans de adaptación dos servizos complementarios educativos do Concello de Ames aplicáronse desde o primeiro día do curso, e durante o mes de setembro estívese comprobando os necesarios axustes en canto a tempos, espazos, persoal necesario e

horarios de recollidas para poder dar o servizo que mellor se adaptara, dentro sempre do respecto as normas e protocolos na materia aprobados polas administracións educativas e sanitarias, ás necesidades e demandas recibidas durante o mes de setembro polos pais/nais/ titores dos/as nenos/as que fan uso dos nosos servizos, estando desde este momento en disposición de dar a coñecer a toda a comunidade educativa o contido de ditos plans.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Dar publicidade ao plans de adaptación dos servizos complementarios de educación do Concello de Ames ao protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interritorial do Sistema de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis de 28/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo de 22 de xullo de 2020 de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

Ditos plans de adaptación realizáronse no CEIP de Agro do Muíño, CEP de Ventín, EEI de Milladoiro, CEIP de A Maía, CEIP de Barouta e nas escola unitarias de A Igrexa e Covase figuran para cada un dos centros como anexos a este Decreto.

Segundo.- Estes plans de adaptación estarán sometidos a revisión constante e poden ser obxecto de modificación en versións sucesivas froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas, a modificación da normativa vixente ou das necesidades organizativas dos propios servizos complementarios de educación do Concello de Ames.

En todo o non previsto nestes plans de adaptación estarase ao previsto no protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e ao resto de normativa de aplicación das administracións educativas e sanitarias da CCAA de Galicia.

O primeiro tenente de alcalde
alcalde por delegación (Decreto 2101/2020)

David Santomil Mosquera

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

ANEXOS

PLAN DE ADAPTACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE AMES NO CEIP AGRO DO MUÍÑO

Plan de adaptación ao protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interritorial do Sistema de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis de 28/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo de 22 de xullo de 2020 de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

(O presente documento está sometido a revisión constante e pode ser obxecto de modificación en versións sucesivas froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas, a modificación da normativa vixente ou de necesidades organizativas.

(En todo o non previsto neste plan de adaptación estarase ao previsto no protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e ao resto de normativa de aplicación das administracións educativas e sanitarias da CCAA de Galicia)

Servizo Bos Días Cole

Horario: 7:30 ata a hora de entrada

Horario límite para dar os almorzos: media hora antes do inicio das clases

O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fin deberán realizar o cuestionario de auto-avaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.

No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.

Elimínase o lavado de dentes de todos os servizos complementarios de educación.

Espazos a usar:

- comedor e ximnasio no caso de ser necesario.

Distribución por espazos:

- Comedor: Sentados por aulas burbulla con distancias de separación entre aulas burbulla de 1,5m, ou onde no sexa posible mediante a instalación de mámparas de separación.

Os nenos/as terán asinado dentro de cada grupo burbulla un sitio fixo durante todo o curso, co obxectivo de facilitar a localización de contactos en caso de gromos

- Ximnasio: mesmo sistema que no comedor.

Limpeza de espazos:

- Comedor: ao rematar o servizo a empresa de monitores retirará os restos cun pano húmido. Despois de que remate o servizo de Bos Días Cole e cando os rapaces xa estean nas súas aulas realizarase unha ventilación e desinfección profunda do comedor.
- Ximnasio: A empresa de monitores realizará unha desinfección do chan do ximnasio para o seu posterior uso dentro da xornada lectiva.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para prever risco de contaxio.

Servizo Comedor

- O comedor deste centro organizase en dúas quendas de comida, a primeira, empeza ás 14:00 aproximadamente e a segunda ás 15:20-15:30 horas aproximadamente. Entre quenda e quenda haberá unha desinfección e unha ventilación do comedor de aproximadamente 20 minutos.
- Na primeira quenda hai 9 grupos burbulla que se corresponden con 1º, 2º e 3º de primaria
- Na segunda quenda hai 9 grupos burbulla que se corresponden con 4º, 5º e 6º de primaria
- Os nenos/as terán asinado dentro de cada grupo burbulla un sitio fixo durante todo o curso, co obxectivo de facilitar a localización de contactos en caso de gromos.
- Entregarase ao equipo covid do centro un plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario de asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
- Entre quendas haberá unha desinfección de mesas e cadeiras e unha ventilación do comedor de entre 15-20 minutos.
- Elimínase o lavado de dentes de todos os servizos complementarios de educación.
- O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fin deberán realizar o cuestionario de autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para prever risco de contaxio.

Limpeza das aulas antes do servizo de comedor

- Neste centro hai ademais 6 grupos burbulla que comen en aulas, concretamente trataríase de 4º, 5º e 6º de infantil.
- Antes de que os nenos/as coman hai que facer un desinfectado de mesas e cadeiras e ventilar as aulas.

- Durante a desinfección os nenos/as non estarán na aula.
- O persoal de limpeza empezará por unha das aulas e mentres a desinfecta os nenos/as desa aula estarán no corredor ou espazo habilitado, aproveitando os nenos das outras aulas para ir realizando o lavado de mans no baño que teñen dentro da súa aula ou, no caso de que non teñan baño dentro da aula, no baño que lles sexa asignado.
- Cando a persoa de limpeza remate a desinfección dunha aula os nenos/as volverán á mesma antes de que saían os nenos/as da seguinte aula.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.

Organización da comida nas aulas:

- A comida das aulas ten que ir cubetas de cerre hermético, tanto o primeiro prato, como o segundo prato, como o postre.
- Para o transporte das cubetas de comida usaranse contedores térmicos para que a temperatura da comida se manteña.
- O menaxe que vaia para as aulas tamén ten que ir metido en contedores de plástico.
- O persoal da cociña preparará todo o menaxe que vaia para as aulas, metendo en cada contedor o número necesario de pratos, vasos, cubertos para que coman os nenos/as e utensilios necesarios para que os monitores sirvan a comida.
- Preparase a paneira co pan necesario de cada aula que deberá ir tapada. O contido da paneira será repartido polo monitor a cada neno.
- Deberase ter as botellas de auga necesarias para cada aula
- Unha vez que os monitores estean dentro das aulas cos nenos xa lavados e sentados para comer, o persoal procederá ao reparto dos contedores de comida, dos contedores de menaxe, das paneiras e das augas. A maiores deberase colocar contedores de lixo orgánico e de lixo inorgánico no corredor no medio das aulas para que os monitores tiren os restos de alimentos neles. Estes contedores terán rodas.
- Unha vez rematen os nenos/as de comer, o persoal recollerá, sen entrar nas aulas, todos os contedores usados, paneiras e augas sobrantes. Recolleran tamén os cubos de lixo que deberán ser desinfectados ao final do servizo de comedor.

Organización da comida no comedor

- O persoal de cociña servirá a comida en bandexas ou recipiente axeitados para o tipo de comida de que se trate, unha por cada grupo burbulla. Estes recipientes deixarase na camareira que se situará na entrada da cociña e a empresa de monitores encargárase de trasladar as fontes a cada grupo burbulla segundo as indicacións da coordinadora de monitores.
- A comida sobrante das fontes “burbulla” tirarase ao lixo polo que se deberá procurar que as fontes non leven exceso de comida, si algún neno quere repetir o monitor solicitará á cociña mais comida.
- Os monitores encargárase de trasladar todo o menaxe sucio ata a zona de lavado sen entrar nunca nela.

Limpeza do comedor

- Antes do inicio do comedor desinfectarase todo o comedor e ventilarase.
- Entre quendas dedicarase sobre 15-20 minutos a ventilar o comedor e a desinfección de mesas e cadeiras para a seguinte quenda.
- Unha vez remate a última quenda farase unha nova desinfección de mesas e cadeiras e limparase o chan con produto desinfectante para que quede listo para o servizo de tardes divertidas.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.

Movemento dos nenos/as que van a comedor

- Os monitores terán que estar 5 minutos antes de que rematen as clases na aula burbulla que teñan asinada.
- Cando rematen as clases o profesor/a saíra cos nenos/as que non vaian a comedor e o monitor esperará dentro da aula cos nenos/as de comedor.
- Si se trata de nenos/as que van a primeira quenda do comedor, cada monitor trasladase co seu grupo burbulla ao baño que teña designado esa aula (estes baños están previamente desinfectados polo persoal de limpeza do centro). Usarase un único baño para cada aula burbulla, e só no caso de que houbera mais aulas burbulla que baños se procedería a desinfección e ventilación do baño correspondente antes de que se use por outro grupo burbulla. Usaranse tódolos baños do cole e a circulación farase de tal xeito que os grupos burbulla non se crucen entre si.
- Os grupos burbulla da segunda quenda do comedor esperarán nas aulas a que os baños sexan desinfectados e ventilados e logo procederán a asearse para o comedor de xeito similar á primeira quenda, é dicir, un baño “burbulla” por “grupo burbulla”.
- Os grupos burbulla móvense co seu monitor de xeito estanco, é dicir, chega o grupo burbulla ao comedor e non se levantan ata que todos os nenos/as do grupo burbulla acaban de comer. Unha vez isto suceda o monitor irá co seu grupo para a aula. Tanto a entrada como á saída do comedor os nenos/as deberán limpar as mans con hidroxel.
- Aproveitarase os 20 minutos que se necesitan para facer a desinfección e ventilación entre quendas para que os nenos/as da primeira quenda teñan tempo de volver a aula antes de que saían os da segunda quenda.
- Unha vez que os nenos/as da segunda quenda están no comedor, os nenos/as da primeira quenda que estean en aula e queiran ir ao baño, serán acompañados por un monitor que se encargará de desinfectar antes e despois de que se use o baño e o lavabo que utilice o neno.
- No caso dos nenos/as da segunda quenda, unha vez saían do comedor procederase do mesmo xeito que cos da primeira quenda.

Persoal de cociña

- O persoal de cociña está composto por 5 persoas de cociña, 3 persoas que se encargan das intolerancias e recepción de produtos e 1 persoa de transporte.
- A recepción de mercancía realizarase pola porta traseira do comedor, de tal xeito

que os provedores non entren en ningún momento ao espazo da cociña nin ao centro escolar.

- Toda a mercancía que chegue debe ser previamente desinfectada á súa entrada no almacén e espazo de cociña.
- Todo aquilo que veña en caixas (leitugas, froita...) será trasladado a unha cubeta desinfectada e as caixas serán retiradas sen que en ningún momento entren no espazo da cociña.
- Todo o persoal de cociña e intolerancias deberán usar medidas de protección individual tales como máscaras e o uniforme correspondente o cal terá que ser lavado de xeito diario.
- Todo o enxoval, electrodomésticos e espazos deberán ser desinfectados de xeito diario despois do seu uso.

Detección de síntomas compatibles coa COVID-19 durante o servizo

No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.

Uso de espazos exteriores durante o servizo de comedor

Aínda que a referencia sempre vai ser as aulas burbulla, cando o tempo o permita farase unha distribución de espazos por grupos burbulla (en caso de que non haxa suficientes espazos farase unha rotación de grupos por espazos), de tal xeito que todos poidan desfrutar do aire libre e realizar actividades que non impliquen contacto directo.

Recollida dos nenos/as de comedor

- Os pais/nais/titores terán que escoller o horario de recollida dos seus fillos conforme os horarios que se reflicten para este servizo neste documento.
- Estes horarios establécense ca finalidade de que os grupos burbulla non se mesturen entre si, motivo polo que se deberá acoller a un dos horarios de recollida dos que hai estipulado para cada curso concreto.
- A partires do mes de outubro dáse a posibilidade de que dentro dos horarios de recollida existentes para un curso concreto se poidan facer cambios, **pero só dentro destes horarios**. Non se poderán solicitar horarios que non pertenczan a un determinado curso salvo que se trate de necesidades médicas/terapéuticas debidamente acreditadas. Poderanse, incluso, escoller dentro dos horarios existentes un distinto segundo o día da semana de que se trate.
- A solicitude destes horarios deberase facer a través da web www.conciliaames.gal premendo no botón “cambio horario de recollida en comedor”. Para modificar ou solicitar o horario de recollida dos nenos e nenas no servizo de comedor escolar, deberase solicitar premendo no enlace correspondente ao colexio.
- Os cambios nos horarios de recollida terán como únicos requisitos que sexan dentro dos horarios existentes para cada curso, se fagan ca antelación suficiente e non afecten a organización do servizo, motivo polo que deberán ser comunicados telefonicamente á coordinadora do servizo.
- Para a recollida, os monitores encargaranse de ir recollendo aos nenos polos distin-

tos grupos burbulla e trasladaranos ás porta correspondentes nos horarios de recollida dos nenos/as. O traslado á porta farase de tal xeito que os nenos das distintas aulas burbulla manteñan a distancia de 1,5 metros.

- No CEIP de Agro do Muíño, a maiores dos horarios xa existentes durante o mes de setembro, establécese un horario de recollida a maiores para os nenos/as infantil e 1º, 2º e 3º de primaria ás 16:10 e para os nenos/as de 4º, 5º e 6º de primaria ás 16:20 horas.

HORARIOS RECOLLIDA AGRO DO MUÍÑO A PARTIRES DO 1 DE OUTUBRO

INFANTIL

CURSOS	HORARIOS RECOLLIDAS E ENTREGA BUS
4ºA E 4ºB DE INFANTIL	15:40 // 16:10//16:30 (BUS) // 16:45
5ºA E 5ºB DE INFANTIL	15:50 // 16:10//16:30 (BUS) // 16:50
6ºA E 6ºB DE INFANTIL	16:00 // 16:10//16:30 (BUS) // 16:55

PRIMARIA (1º TURNO XANTAR)

CURSOS	HORARIOS DE RECOLLIDA E ENTREGA BUS
1ºA, 1ºB E 1ºC	15:25 // 16:10//16:30 (BUS) // 16:50
2ºA, 2ºB E 2ºC	15:35 //16:10// 16:30 (BUS) // 16:40
3ºA, 3ºB E 3ºC	15:45 // 16:10//16:30 (BUS) // 16:35

PRIMARIA (2º TURNO XANTAR)

CURSOS	HORARIOS DE RECOLLIDA E ENTREGA BUS
4ºA, 4ºB E 4ºC	16:20//16:30 (BUS) // 16:45
5ºA, 5ºB E 5ºC	16:20//16:30 (BUS) // 16:50
6ºA, 6ºB E 6ºC	16:20//16:30 (BUS) // 16:55

CURSOS	PUNTOS DE RECOLLIDA
4º, 5º E 6º DE INFANTIL	PORTA EXTERIOR QUE DA ACCESO A INFANTIL
1º, 2º E 3º DE PRIMARIA	PORTA PRINCIPAL
4º, 5 E 6º DE PRIMARIA	PORTA EXTERIOR QUE DA ACCESO AO

	COMEDOR (a mesma que emprega o centro)
--	--

Servizo Tardes Divertidas

- Dividirase aos participantes en **subgrupos de 15 persoas** máis os monitores correspondentes. Aínda que o grupo da actividade xeral poida ser máis elevado, cada subgrupo procurará traballar de xeito individual, sen contacto estreito co resto de subgrupos durante as diferentes accións, sen prexuízo das pertinentes rotacións que se realicen para que todos os subgrupos poidan desfrutar de todas as actividades programadas.
- Os grupos serán de 15 nenos e nenas con dous monitores/as que intentarán traballar na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos. Cada grupo terá o seu propio espazo.
- O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fil deberán realizar o cuestionario de autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.
- No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarse á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.
- Dentro das medidas establecidas para o COVID-19 pídese que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Polo que solicitamos que os nenos e nenas traían a “Tardes Divertidas” un estoxo con pinturas, lapis, goma, afialapis, pegamento, pincel, tesoura, que vai a quedar no centro ata que o neno/a remate o seu período de matrícula. O resto do material proporcionarao a empresa encargada de levar a cabo as actividades.
- Adaptaranse as actividades as medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias e revisaranse as actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.
- Á hora de realizar as actividades específicas da programación, tentarase que estas se leven a cabo en espazos ao aire libre. Os espazos pechados comúns rotaranse polos distintos grupos nos días de choiva.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcolicas e realizarase tras cambiar de actividade, antes e despois da merenda e despois de ir ao lavabo, así como despois de esbirrar, tusir ou sonarse o nariz.
- Manteranse, sempre que sexa posible, as portas abertas para evitar o contacto cos tiradores, ademais de permitir a ventilación dos espazos pechados nos que se desenvolvan as actividades.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo

Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.


- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.
- A comida non poderá ser compartida. Ademais non se realizarán actividades que impliquen compartir comida ou coller obxectos coa boca ou similar. Tampouco se levarán a cabo obradoiros de cociña.
- No comedor, os/as nenos/as sentaranse de xeito que respecten a distancia de seguridade

HASH DEL CERTIFICADO:
883E4DFB491DFDC2C48FB9D23CDABAF18970D3D0
DF5404BF53C66ABC5CAD316631A644E219B37FA9

PUESTO DE TRABAJO:
Alcalde por delegación
Secretaría

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC2E3C78898AFB77042AE

NOMBRE:
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID
PRADA QUEIPO, ROSA ANA



COMEDOR AGRO DO MUIÑO

1°A-16 -1° QUENDA

4°B-16 -2° QUENDA

NECESITAMOS 2 MESAS VERDES E 8 CADEIRAS

DE MAIA PARA AGRO: 1 MESA + 10 CADEIRAS

HASH DEL CERTIFICADO:
883E4DFB491DFDC2C48FB9D23CDABAF18970D3D0
DF5404BF53C68ABC5CAD316831A644E219B37FA9

PUUESTO DE TRABAJO:
Alcaide por delegación
Secretaría

NOMBRE:
SANTOMIL MOSQUERA, DAVID
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Firmado Digitalmente en el Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 152201DOC2E3C78898AFB77042AE



PLAN DE ADAPTACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN DO CONCELLO DE AMES NO CEIP DE BAROUTA

Plan de Adaptación ao protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e as instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interritorial do Sistema de Saúde Pública (DOG núm. 174 bis de 28/08/2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo de 22 de xullo de 2020 de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

(O presente documento está sometido a revisión constante e pode ser obxecto de modificación en versións sucesivas froito da realidade epidemiolóxica, as mellores evidencias científicas, a modificación da normativa vixente ou de necesidades organizativas.

En todo o non previsto neste plan de adaptación estarase ao previsto no protocolo de prevención a transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios e ao resto de normativa das administracións educativas e sanitarias da CCAA de Galicia)

Servizo Bos Días Cole

Horario: 7:30 ata a hora de entrada

Horario límite para dar os almozos: media hora antes do inicio das clases

O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fin deberán realizar o cuestionario de auto-valoración Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.

No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.

Elimínase o lavado de dentes de todos os servizos complementarios de educación.

Espazos a usar:

- comedor

Distribución por espazos:

- Comedor: Sentados por aulas burbulla con distancias de separación entre aulas burbulla de 1,5m, ou onde no sexa posible mediante a instalación de mámparas de separación.

Os nenos/as terán asinado dentro de cada grupo burbulla un sitio fixo durante todo o curso, co obxectivo de facilitar a localización de contactos en caso de gromos

Limpeza de espazos:

- Comedor: ao rematar o servizo a empresa de monitores retirará os restos cun

pano húmido. Despois de que remate o servizo de Bos Días Cole e cando os rapaces xa estean nas súas aulas realizarase unha ventilación e desinfección profunda do comedor.

- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.

Servizo Comedor

- Este comedor organizase nun comedor con unha soa quenda de comida entre as 14:00-15:00 horas aproximadamente.
- Neste comedor hai 14 grupos burbulla
- Elimínase o lavado de dentes de todos os servizos complementarios de educación.
- Os nenos/as terán asignado dentro de cada grupo burbulla un sitio fixo durante todo o curso, co obxectivo de facilitar a localización de contactos en caso de gromos.
- Entregarase ao equipo covid do centro un plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario de asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
- O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fin deberán realizar o cuestionario de autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.

Organización da comida no comedor

- O persoal de cociña servirá a comida en bandexas ou recipiente axeitados para o tipo de comida de que se trate, unha por cada grupo burbulla. Estes recipientes deixaranse na camareira que se situará na entrada do office e a empresa de monitores encargarse de trasladar as fontes a cada grupo burbulla segundo as indicacións da coordinadora de monitores.
- A comida sobranse das fontes “burbulla” tiraranse ao lixo polo que se deberá procurar que as fontes non leven exceso de comida, si algún neno quere repetir o monitor solicitará ao persoal de cociña mais comida.
- Os monitores encargaranse de depositar todo o menaxe sucio nos lugares habilitados para este fin.

Limpeza do comedor

- Antes do inicio do comedor desinfectaranse todo o comedor e ventilarase.
- Unha vez rematen os nenos farase unha nova desinfección de mesas e cadeiras e

limparase o chan con produto desinfectante para que quede listo para o servizo de tardes divertidas.

- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.

Movemento dos nenos/as que van a comedor

- Os monitores terán que estar antes de que rematen as clases na aula burbulla que teñan asinada e recolleran os nenos/as do comedor.
- Cada monitor trasladarase co seu grupo burbulla ao baño que teña designado esa aula (estes baños están previamente desinfectados polo persoal de limpeza do centro). Usarase un único baño para cada aula burbulla, e só no caso de que houbera mais aulas burbulla que baños se procedería a desinfección e ventilación do baño correspondente antes de que se use por outro grupo burbulla. Usaranse tódolos baños do cole e a circulación farase de tal xeito que os grupos burbulla non se crucen entre si.
- Os grupos burbulla móvense co seu monitor de xeito estanco, é dicir, chega o grupo burbulla ao comedor e non se levantan ata que todos os nenos/as do grupo burbulla acaban de comer. Unha vez isto suceda o monitor irá co seu grupo para a aula. Tanto a entrada como á saída do comedor os nenos/as deberán limpar as mans con hidroxel.

Persoal encargado da cociña

- O persoal de cociña está composto por 2 persoas
- A recepción de mercancía realizarase pola porta lateral do office, os provedores entraran no centro escolar fora dos horarios nos que os nenos/as estean no recreo.
- Toda a mercancía que chegue debe ser previamente desinfectada á súa entrada no office.
- Todo aquilo que veña en caixas será trasladado a unha cubeta desinfectada e as caixas serán retiradas sen que en ningún momento entren no espazo do office.
- Todo o persoal deberá usar medidas de protección individual tales como máscaras e o uniforme correspondente o cal terá que ser lavado de xeito diario.
- Todo o enxoval, electrodomésticos e espazos deberán ser desinfectados de xeito diario despois do seu uso.

Detección de síntomas compatibles coa COVID-19 durante o servizo

No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.

Uso de espazos exteriores durante o servizo de comedor

Aínda que a referencia sempre vai ser as aulas burbulla, cando o tempo o permita farase unha distribución de espazos por grupos burbulla (en caso de que non haxa suficientes espazos farase unha rotación de grupos por espazos), de tal xeito que todos poidan desfrutar do aire libre e realizar actividades que non impliquen contacto directo.

Recollida dos nenos/as de comedor

- Os pais/nais/titores terán que escoller o horario de recollida dos seus fillos conforme

os horarios que se reflicten para este servizo neste documento.

- Estes horarios establécense ca finalidade de que os grupos burbulla non se mesturen entre si, motivo polo que se deberá acoller a un dos horarios de recollida dos que hai estipulado para cada curso concreto.
- A partires do mes de outubro dáse a posibilidade de que dentro dos horarios de recollida existentes para un curso concreto se poidan facer cambios, **pero só dentro destes horarios**. Non se poderán solicitar horarios que non pertencen a un determinado curso salvo que se trate de necesidades médicas/terapéuticas debidamente acreditadas. Poderanse, incluso, escoller dentro dos horarios existentes un distinto segundo o día da semana de que se trate.
- A solicitude destes horarios deberase facer a través da web www.conciliaames.gal premendo no botón “cambio horario de recollida en comedor”. Para modificar ou solicitar o horario de recollida dos nenos e nenas no servizo de comedor escolar, deberase solicitar premendo no enlace correspondente ao colexio.
- Os cambios nos horarios de recollida terán como único requisito de que sexan dentro dos horarios existentes para cada curso, se fagan ca antelación suficiente e non afecten a organización do servizo, motivo polo que deberán ser comunicados telefonicamente á coordinadora do servizo.
- Para a recollida, os monitores encargaranse de ir recollendo aos nenos polos distintos grupos burbulla e trasladaranos ás porta correspondentes nos horarios de recollida dos nenos/as. O traslado á porta farase de tal xeito que os nenos das distintas aulas burbulla manteñan a distancia de 1,5 metros.

HORARIOS RECOLLIDA CEIP DE BAROUTA A PARTIRES DO 1 DE OUTUBRO

CURSO	HORARIOS RECOLLIDA ELEXIR	PUNTO RECOLLIDA
INFANTIL	15:30 / 16:10 / 16:30	PORTALIÑO PEQUENO
PRIMEIROS A, B e C SEGUNDOS B e C	15:50 / 16:20	
SEGUNDO A QUINTOS A e B SEXTOS A e B	16:00 / 16:30	

Servizo Tardes Divertidas

- Dividirase aos participantes en **subgrupos de 15 persoas** máis os monitores correspondentes. Aínda que o grupo da actividade xeral poida ser máis elevado, cada subgrupo procurará traballar de xeito individual, sen contacto estreito co resto de subgrupos durante as diferentes accións, sen prexuízo das pertinentes rotacións que se realicen para que todos os subgrupos poidan desfrutar de todas as actividades programadas.
- Os grupos serán de 15 nenos e nenas con dous monitores/as que intentarán traba-

llar na medida do posible, sen contacto entre os demais grupos. Cada grupo terá o seu propio espazo.


- O persoal utilizará en todo o momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral par ao persoal dos centros educativos. A tal fin deberán realizar o cuestionario de autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo cas instrucións xerais para centros educativos.
- No caso de detección de síntomas compatibles coa COVID-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informarase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase ca súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tala fin, que será coñecido polos responsables e o persoal do comedor.
- Dentro das medidas establecidas para o COVID-19 pídese que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Polo que solicitamos que os nenos e nenas traían a “Tardes Divertidas” un estoxo con pinturas, lapis, goma, afialapis, pegamento, pincel, tesoura, que vai a quedar no centro ata que o neno/a remate o seu período de matrícula. O resto do material proporcionarao a empresa encargada de levar a cabo as actividades.
- Adaptaranse as actividades as medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias e revisarase as actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico máis estreito e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo.
